

CIENCIAS SOCIAIS 1

Lee atentamente a seguinte información:

A contaminación do aire

O noso planeta está rodeado por unha capa de aire chamada atmosfera.

A atmosfera contén o aire que respiran as plantas, os animais e as persoas.

O aire contaminado afecta a saúde dos seres vivos e provoca cambios no clima.



O fume dos vehículos e das fábricas ensucia e contamina o aire da atmosfera.



As plantas limpan o aire

As plantas teñen un papel moi importante no coidado do medio porque limpan o aire de elementos contaminantes.

O mellor modo de combater a contaminación do aire é protexer os bosques, que actualmente se ven ameazados por:

Corta de árbores para obter madeira e dedicar o solo á agricultura e á gandaría.



Incendios forestais.

Agora contesta as seguintes preguntas. Volve a ler o texto cando non recordes algo.

- 1º) Como se chama a capa de aire que rodea ao noso planeta?
- 2º) Que hai na atmosfera moi importante para os seres vivos?
- 3º) Que fai o aire contaminado?
- 4º) Cal é o importante papel que teñen as plantas no coidado do medio?
- 5º) Cal é o mellor modo de combater a contaminación do aire?

6º) Porque dous perigos están ameazados os bosques?

Selecciona os elementos que non contaminan o aire:



COMPROBA o que fixeches:

- 1º) Atmosfera.
- 2º) O aire.
- 3º) Afecta a saúde dos seres vivos e provoca cambios no clima.
- 4º) Limpar o aire de elementos contaminantes.
- 5º) Protexer os bosques.
- 6º) Os incendios forestais e corta de árbores.



CIENCIAS SOCIAIS

Lembra a información que leches na actividade anterior e fai as actividades. Pensa que podes facer as actividades no caderno. Non precisas debuxar. Podes escribir que as acción que reducen o fume son ...

Sinala as accións que reducen o fume que expulsamos á atmosfera:



Utilizar o transporte público.




Utilizar o coche particular.



Andar para realizar traxectos curtos.

Observa a fotografía e responde:



– Por onde circula esta persoa?

– Por que leva máscara?

– Por que está máis sucio o aire na cidade?

Observa e escribe o que pasou en cada caso:



1



2

COMPROBA o que fixeches:



Utilizar o transporte público.



Utilizar o coche particular.



Andar para realizar traxectos curtos.



1 Queimouse o bosque.


2 Plantáronse nozdas árbores para facer un bosque.

Fonte: Editorial Vicens Vives

CIENCIAS SOCIAIS 3

REPASAMOS moitas cousas que xa sabes:

- 1 Une cada materia prima co produto elaborado que corresponda.



2 Le e marca a afirmación correcta.

- Os agricultores crían vacas, galiñas e outros animais para obter alimentos e outros produtos.
- Os gandeiros cultivan plantas para obter froitas, verduras e outros produtos como o algodón.
- Os mineiros extraen minerais e rochas da terra.


3 Le e completa.

obradoiros

produtos elaborados

materias primas

fábricas



Nos e nas
as transformanse
en

COMPROBA o que fixeches:

1 Une cada materia prima co produto elaborado que corresponda.



2 Le e marca a afirmación correcta.

- Os agricultores crían vacas, galiñas e outros animais para obter alimentos e outros produtos.
- Os gandeiros cultivan plantas para obter froitas, verduras e outros produtos como o algodón.
- Os mineiros extraen minerais e rochas da terra.


3 Le e completa.

obradoiros

produtos elaborados

materias primas

fábricas



Nos e nas
as transformanse
en